

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D.^a M.^a del Carmen Torreiro
González

D. Alfonso Carril Guerra.

D.^a Aurora Varela Duro.

D. Miguel Angel Vallo Camba.

D. Andrés David Pérez Ferreira.

D.^a María del Pilar Castro Vallo.

D. Jesús García Rodríguez.

D. Alfonso Lodeiro Regueiro.

D.^a Evangelina Maria Orois Conde

D.^a Vanessa Quintela Pedreira

D.^a Begoña Balado Conde

D. José Ignacio García Couso.

Secretaria accidental:

D.^a Marta Pérez Iglesias

A C T A

En Arzúa, a 29 de decembro de 2017.

Sendo as 20:10 horas, reúnen no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a Orde do día desta sesión:

B) CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL.

Antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. alcalde explica:

- Que en principio había unha moción que presentara o Partido Popular para que o Concello de Arzúa se adherira á Lei de Fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, e que dita moción foi á Comisión Informativa celebrada o día 26 de decembro de 2017, pero ao parecer dita moción non estaba rexistrada e sendo así é como se non existira ese documento a efectos administrativos.
- Que a razón de que non aparecera rexistrada debeuse probablemente a que ao estar implantándose no concello o tema da Administración Electrónica probablemente houbera algún erro nese sentido.
- Que a partir do día 2 de xaneiro comezamos cos decretos da alcaldía.
- Que explicado este tema ao representante do Partido Popular Jesús García Rodríguez díxolle este que podía presentar a moción por urxencia e que non había problema, pero posteriormente comentoulle que prefería pospoñela para o vindeiro pleno porque así tamén habería mais tempo para estudala.

1º) ROGOS E PREGUNTAS.

Tras preguntar o Sr. alcalde se se ía a formular algún rogo ou pregunta; non se formulou ningún, polo que non se fixo uso deste punto da Orde do Día.

E non habendo mais asuntos que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto; levantándose a sesión as 20.20 horas do indicado día; estendéndose a presente acta, que será autorizada coas sinaturas do alcalde e da secretaria, que certifica.